

UN BEN PÁGASE CON OUTRO BEN



O vello Unga Na e o mozo Tambu camiñaban de volta ao seu poboado. De súpeto, uns pasos por diante, unha cóbrega pardenta atravesou o camiño. Tambu levantou o pau que levaba, pero Unga Na pousoulle a man no brazo e dixo:

–Quieto, Tambu! Por que queres matar esa cóbrega?

O mozo Tambu baixou o pau sen dar palabra.

Xiugué, un mono que o vira todo, percorreu a selva contando o que acontecera.

Un mes máis tarde, Unga Na e Tambu atopábanse a bordo dunha canoa. Pescaran moitos peixes e a canoa pesaba moito. Os dous remaban con grande esforzo cara á beira. De repente, a barca bateu contra unha rocha, fendeu pola metade e afundiuse. Unga Na e Tambu aboiaron, pero a corrente era moi forte para chegar a nado á beira.

Para non afogar, os dous agarráronse a unha maraña de pólas que encallara no medio do río. Estaban nun bo sarillo. Deixaron pasar un anaco, pero a corrente non afrouxaba.

Cada vez estaban máis cansos e comezaron a bracuñar. Xiugué, o mono, viu os dous homes e pegou a correr.

Pasou un tempo. O vello Unga Na, xa baldado, pechara os ollos convencido de que ía morrer. En troques, Tambu ollaba ao seu redor, agardando que alguén acudise a axudalos.

–Unga Na, mira! Alá arriba! –berrou o mozo de repente.

–Que pasa? Que pasa? –preguntou o vello.

Unga Na viu que, desde unha grosa póla, que se atopaba moi alta sobre a auga, baixaba unha corda, pero era unha corda moi rara: brillaba moito e retorcíase coma se estivese viva.

Cando estivo máis preto, Unga Na e Tambu viron que a corda estaba feita de cóbregas de todas as cores entretecidas unhas coas outras. Ao final, no cabo da corda, había unha cóbrega que se enroscara sobre si mesma para formar co seu corpo un groso anel.

Unga Na, sen falar, estricou o brazo e introduciuno no anel da cóbrega, que se cerrou ao redor do seu pulso. Tambu agarrouse con forza ao vello e, pouco e pouco, a corda das cóbregas volveu subir, ata que Unga Na e Tambu se acharon a salvo na póla. Daquela as cóbregas soltáronse e comezaron a arredarse.

–Que pasou, Unga Na? –preguntou Tambu, cos ollos moi abertos, cando os dous baixaron da árbore.

–Ocorreu que as cóbregas teñen boa memoria, amigo –respondeu o vello.

Na árbore, a carón dos demais monos, Xiugué chiaba alegremente.



Roberto PIUMINI: "Un ben págase con outro ben" (adaptación), en *O peto máxico*. Ilustrado por: Anna Laura Cantone. A Coruña, Vicens Vives, 2012.

1º) Lembra a lectura e sinala a resposta correcta:

- Que atopan Unga Na e Tambu cando volven ao poboado?
Un mono.
Moitos peixes.
Unha cóbrega pardenta.

- Que lles acontece cando están na barca?
Baten contra unha rocha.
A barca afúndese porque leva moito peso.
A corrente arrástraos e non chegan á beira.

- Como conseguen salvar a vida?
Conseguiron chegar nadando á beira do río.
O mono Xiugué chamou a os seus amigos monos.
Unha corda de cóbregas axudounos.

VOCABULARIO

Esta é unha **cóbrega pardenta**



Esto é a **beira** dun río.



A barca **fendeu** pola metade. Isto quere dicir que quebrou pola metade, dividiuse en dúas partes.

Unga Na e Tambú **aboiaron** na auga. Isto quere dicir que flotaron na auga.

Estaban nun bo **sarillo**. Isto quere dicir que estaban nun bo problema.

Comezaron a **bracuñar**. Isto quere dicir que tremaban co frío.

Baldado quiere decir moi canso.

COMPROBA o que fixeches.

1º)- Unha cóbrega pardenta.

-Baten contra unha rocha.

- Unha corda de cóbregas axudounos.

LINGUA GALEGA 2

Fai as seguintes actividades. As podes facer no teu caderno

1 Que usa cada un? Desfai o enredo seguindo as cordas e completa.



Os xigantes necesitan os , as bailadoras
e os bailadores necesitan as
e os músicos necesitan a e o .

Podes copiar o texto anterior no teu caderno e completalo coas palabras que atopaches despois de seguir o enredo.

2 Estes son Roque, Pirra e Henrique. Le as pistas e di quen é quen.



O xigante
é .

A xiganta
é .

O cabezudo
é .

3 Copia substituíndo cada símbolo pola vogal correspondente e aprende a canción.



●st★ndo ◆ s●ñr d◆n G★t◆

●n «s□lla» d● ◆▲r◆ sont★d◆,

c★lz★nd◆ m●d□s d● s●d★

● z★p★t◆s c◆l◆r◆d◆s

r●c□b□▲ ▲nh★ n◆t□c□★

q▲● h★b□★ d●s●r c★s★d◆

c▲nh★ g★t□ñ★ m◆r●n★

q▲● t□ñ★ ◆ d◆t● n◆ r★b◆.



silla: débese dicir cadeira.

COMPROBA o que fixeches:

1º) ZANCOS, CASTAÑOLAS, GAITA e o TAMBOR.

2º) O xigante é HENRIQUE, a xiganta é PIRRA e o cabezudo é Roque.

3º) Estando o señor don gato

en silla de ouro sentado.
calzando medias de seda
e zapatos colorados
recibiu unha noticia
que había de ser casado
cunha gatiña morena
que tiña o dote no rabo.

LINGUA GALEGA 3

Le atentamente este texto e fai as actividades no teu caderno

Traballadoras infatigables

Aínda que todas as especies animais e vexetais son importantes para o bo desenvolvemento da vida no planeta, hai unha que resulta fundamental. Adiviñas cal? Si, estamos falando das abellas...

Estes insectos minúsculos, que ás veces poden resultar incómodos, organizanse en comunidades chamadas enxames, que viven en colmeas.

Cada colmea ten moitos milleiros de abellas obreiras e uns cantos centenaes de abellóns, pero só unha abella mestra. Esta mestra, que é a única femia fértil da comunidade, pode chegar a poñer preto de tres mil ovos diarios! Así é como se asegura que nunca falten obreiras para traballar.

As abellas transportan o pole das plantas masculinas ás plantas femininas, e así fan posible a reprodución. Sorte que son unhas traballadoras incansables! Sen elas, moitas plantas, como as árbores froiteiras, extinguiríanse. Non hai dúbida de que iso faría cambiar, e para mal, a nosa vida!



1 Completa coas palabras necesarias.

En cada  viven moitos

milleiros de 

uns cantos centenares de 

e só unha 

COMPROBA o que fixeches:

- 1) En cad COLMEA viven moitos milleiros de ABELLAS OBREIRAS, uns cantos centenares de ABELLÓNS e só unha ABELLA MESTRA.

LINGUA GALEGA 4

2 Risca o que non significa o mesmo.

As abellas son insectos **minúsculos**.

moi pequenos

enormes

pequerrechiños

diminutos



3 Que quere dicir que a abella mestra é a única femia fértil da colmea? Marca.

- Que a mestra é a única femia, as outras abellas son machos.
- Que a mestra é a única abella que pode poñer ovos.
- Que a mestra é a única abella que pode recoller pole das flores.

4 Subliña o erro que contén cada oración e cópiaas corrixidas.

- A mestra pode chegar a poñer preto de tres ovos diarios.

- As abellas transportan o mel dunhas plantas ás outras.



5º)Escolle os substantivos no recadro para completar as seguintes oracións:

Rapaza, brazo, abella, bombeiro, can, lume

1 Completa cada oración cos substantivos representados.

0  _____ apagou o  _____.

Unha  _____ picoume no  _____.

0  _____ é daquela  _____.

COMPROBA o que fixeches:

2º) Tes que riscar a palabra **ENORMES**. As outras son **SINÓNIMOS** de **DIMINUTOS**.

3º) Que a mestra é a única abella que pode poñer ovos.

4º) A mestra pode chegar a poñer preto de tres mil ovos diarios.

As abella transportan a pole dunha plantas ás outras.

5º) O **BOMBEIRO** apagou o **LUME**.

Unha **ABELLA** picoume no **BRAZO**.

O **CAN** é daquela **RAPAZA**.